# Primavera das Letras



## OS SOÑOS NA GAIOLA (LIBERADOS)

Por volta dos corenta anos, Manuel María volveu á patria da infancia. E fixoo para deixarnos un fermoso libro de poemas: 'Os soños na gaiola'.

Nun limiar en forma de carta, o autor explica como xurdiu este poemario: "coa afastada música da miña infancia, que ía durmida dentro de min e que espertou de novo, compuxen estes versos".



"O arco da vella
no ceo subido
con seu colorín
co seu colorido.
O arco da vella
con sete colores
que teñen, no ceo,
beleza de flores."







"Raio de luz, bolboreta
que voas de flor en flor:
non che me engada o teu voo
que me engada a túa cor!"



"O señor merlo larpeiro
na ponla máis alta está.
Está subido á cerdeira
e dela non baixará!
Está come que come,
non ten trazas de parar.
O señor merlo larpeiro
sen cereixas nos ha deixar!"



"Co seu ourizo vello, mol,
o ourizo ouriceiro
toma o sol
no pico dun castiñeiro.
"





"A señora Pita
leva a súa rolada
como unha señora
moi señoreada."

REAL ACADEMIA GALEGA




Primavera das Letras